

Annie Peck

1850-1935

Todo camiñar é sempre unha resposta.
Julia Uceda

Escritora, arqueóloga, montañeira, fotógrafa, políglota, feminista... Famosa tras ter ascendido á cima do Monte Cervino (os Alpes, 4.478 metros) en 1895.

Propúxose subir o cumio máis alto do continente americano, viaxando a Perú para coroar o Huascarán (6.768 metros). Tiña 58 anos cando o conseguiu, tras seis anos de intentos, polo que a cara norte deste cumio leva o seu nome.

Aos 61 anos subiu ata a cima do monte Coropuna (Perú, 6.445 m), onde colocou unha pancarta na que se lía "Voto para as mulleres".

Con 80 (1929-1930), sobrevoou Sudamérica para demostrar o doado e seguro que resultaba este medio, sendo a viaxe aérea máis longa da época realizada entre os seus compatriotas.



Mulleres Que Tocaron O Ceo

febreiro

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
		1	2	3	4	5
		1873 Morre Gertrudis Gómez de Avellaneda. Escritora e loitadora contra a escravitude.	1813 A Asemblea Xeral declara libres a fillas/os de escravos do Rio da Prata.	1980 Gro Harlem Brundland, 1ª Ministra Norueguesa, escolle un Consello de 8 mulleres.	1921 Nace Betty Friedan. Psicoloxa feminista. Fundou NOW. A mística da feminidade.	A Almudena Grandes, escritora comprometida que visibiliza as mulleres.
6	7	8	9	10	11	12
1918 Institúese o voto das mulleres no Reino Unido.	1849 Nace Mercedes Cabello de Carbonera, iniciadora da novela moderna no Perú.	1958 Nace Marina da Silva, Loitadora Sindicalista e Ministra do Medio Ambiente no Brasil.	1978 Carmen Conde, escritora, converteuse na 1ª muller da Real Academia Española.	1891 Falece Sofia Kovalevskaya, Matemática. "Rotación do sólido rixido".	1596 A galega Isabel Barreto conclúe en Manila a 1ª expedición dirixida por unha muller.	1921 Nace Asunción Linares, 1ª muller catedrática nunha facultade de Ciencias.
13	14	15	16	17	18	19
1917 Margar. Gertrudis Zelle, "Mata-Hari" -espía holandesa- é detida nun hotel de París.	1902 Fúndase en Washington a Alianza Internacional para o Sufraxio Feminino.	1992 Mª Elena Moyano, loitadora social peruana é asasinada por Sendero Luminoso.	415 Hipatia de Alexandria, matemática e inventora, é asasinada por cristiáns.	1905 Nace Rozsa Peter, matemática fundadora da Teoría Recorrente da Función.	1934 Noruega, As mulleres poderán acceder a cargos oficiais do Estado e da Igrexa.	1941 Nace Elfrida André, organista e compositora sueca.
20	21	22	23	24	25	26
1914 Nace en Porto Rico Julia de Burgos, poeta. Premios de literatura e xornalismo.	1942 Nace Margarethe von Trotta, actriz, guionista e realizadora.	1931 Pasamento de Ofelia Nieto, soprano lírica compostelá.	2001 A C.P.I. dita a 1ª Sentenza por violación sexual. Crime contra a humanidade.	A Antonina Rodrigo, por visibilizar a mulleres silenciadas e esquecidas.	1905 Pasamento en Marsella da grande revolucionaria Louise Michel, aos 72 anos.	1971 Nace Erykah Badu, cantante negra norteamericana.
27	28	29	Tempo de mulleres, Mulleres no tempo 2012			
1904 Nace en Ávila Mª Pilar Losada, 1ª muller piloto do estado español.	1909 Celébrase nos EUA o primeiro "Día Nacional da Muller".	1917 Nace Rafaela Hervada, 1ª muller que dirixiu unha emisora a nivel Estatal, "Radio Coruña".				